

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

F. R. Tato Plaza (2004): “Sobre o Testamento de Estevo Pérez. Lectura crítica e nova proposta de datación”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 765-784.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

SOBRE O TESTAMENTO DE ESTEVO PÉREZ. LECTURA CRÍTICA E NOVA PROPOSTA DE DATACIÓN

Fernando R. Tato Plaza

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

A presente comunicación pretendía centrarse nos aspectos lingüísticos dun documento que considerabamos excepcional: o testamento ou manda de Estevo Pérez. A significación fundamental deste escrito residía en que viña sendo considerado o máis antigo documento non literario galego e así se reflectía no título inicial da comunicación tal e como foi publicado no libro de resumos do Congreso: *O testamento de Estevo Pérez (1230). O máis antigo documento non literario galego. Lectura crítica e comentario lingüístico*.

Efectivamente, no prólogo á *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1025-1310* que o paleógrafo Miguel Romaní Martínez editou en 1989 (en diante, CDOseira), o filólogo Antón Santamarina acollía con leducia e agradecemento o inxente material compilado polo primeiro e saudaba a súa utilidade tanto para historiadores como para os filólogos e engadía:

Para estes últimos aínda que non tivese outros méritos abondaríalle co de sacar á luz o primeiro documento coñecido ata agora escrito integramente en galego: o de 1230, que leva nesta colección o nº 325. É unha xoia filolóxica que lle debemos ó autor.

Non é de estraña-lo ton das palabras do filólogo, pois é ben sabido que o momento inaugural da escrita documental romance en territorio galego viña situándose contra a segunda metade do XIII. Nos seus *Documentos gallegos*, Martínez Salazar (1911) presenta un “Fragmento de prueba en un pleito”, orixinario do mosteiro de Sobrado, sen data, pero que el sitúa no ano 1242. Posteriormente, en 1934, a colección de Sponer non inclúe documentos anteriores a 1254. Ferro Couselo publicou en 1967 a súa coñecida colección *A vida e a fala dos devanceiros*, na que daba a coñece-la carta de foro que dona Toda lle daba ós poboadores de Vilabona, do ano 1244. A máis recente *História*

do Galego-Português de Maia (1986) presenta como testemuño máis antigo un documento de Portomarín de 1255.

Nos seus traballos de sociolingüística histórica, Monteagudo (1994) examinou con minuciosidade numerosas fontes editadas e estableceu diversas táboas cronolóxicas de emprego do latín, galego e castelán nos documentos galegos medievais. Nelas confírmase a irrupción do galego na segunda metade do XIII e a súa consolidación a partir do XIV. A xeito de exemplo diremos que dos documentos privados do Arquivo da Catedral de Ourense, entre o ano 888 e 1259 a totalidade dos 335 docs. están en latín, e entre este ano e o final do século, aínda que predomina o latín con 174 docs., xa aparece o galego con 21. Datos moi semellantes extrae doutros fondos como o Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, que presenta o primeiro en galego no ano 1267, ou San Pedro de Rochas, un pouco máis tarde, en 1282.

Tamén desde a paleografía se intentou establecer marcos cronolóxicos para a aparición e desenvolvemento do galego na prosa documental. Lucas Álvarez, nun significativo epígrafe titulado “Los orígenes del notariado y el uso del idioma gallego”, sostíña que ámbolos factores foron decisivos e afirmaba:

los exámenes que he realizado en grupos de escrituras de esta época y de varias procedencias me permiten llegar a unas conclusiones provisionales, que tanto en Santiago como en Camanzo y Oseira son muy similares. El comienzo efectivo del uso del gallego en los documentos no debe situarse antes de 1250; y los documentos que, con anterioridad a esta fecha se puedan encontrar, o son excepción, o se trata de copias traducidas de originales latinos.

Entre 1250 y 1265 se encuentran los primeros ejemplares escritos en gallego en nuestra documentación notarial y privada [...]. A partir de los años 1265-1270 y hasta la finalización del siglo, el gallego incrementa rápida y progresivamente su aparición; y desde 1301 en adelante la documentación en latín es una excepción o un campo reservado para asuntos de administración eclesiástica (Lucas Álvarez 1991: 458).

As liñas mestras do proceso de aparición do galego e substitución do latín trazadas por Monteagudo e Lucas utilizando fontes diversas entre si e achegándose ó fenómeno desde intereses distintos son sorprendentemente coincidentes. Non obstante, xa Lucas advertía da posibilidade de haber excepcións.

Filgueira daba en 1982 como primeiro documento escrito en galego, “con texto íntegro e conciencia”, un litixio entre Munio Fernández de Rodeiro e os veciños de Moreira, de 1230, que editara López Peña na *Colección de Documentos Históricos* do BRAG no ano 1915. Sen máis precisións, cita tamén un Inquérito compostelán sobre os abusos dos colledores de moeda foreira que dá como do tempo de San Fernando, polo que estaríamos entre 1230 e 1252, pero non demos localizado a fonte. A noticia do documento editado por López Peña xa a recollía Couceiro Freijomil (1926) no capítulo titulado *El idioma gallego* da *Geografía General del Reino de Galicia*, onde dedica un epígrafe a *Aparición del habla gallega y de los primeros escritos en esta lengua*. Sen embargo,

este documento foi posteriormente ignorado, e descoñecémo-las razóns, polos que a seguir se ocuparon deste asunto.

A outra excepción era o documento que hoxe nos ocupa. Mais, antes de pasarmos a centra-la nosa atención nesta peza documental, queremos tamén salientalo paralelismo do proceso que acabamos de ver no acceso do romance á prosa documental en territorio galego, co acontecido en territorio portugués, onde tamén se pode falar da segunda metade do s. XIII como fronteira para este tránsito, mais tamén cun pequeno número de excepcións que constitúen o núcleo de primeiros documentos redactados en lingua vulgar no territorio portugués. En palabras de Ivo Castro, tiradas do seu *Curso de historia da lingua portuguesa*:

a produção regular de documentos em português só é conhecida a partir da segunda metade do século XIII: em 1255 começam a ser escritos em português alguns dos documentos saídos da chancelaria de D. Afonso III e em 1279 D. Dinis torna sistemático o uso do português como língua dos documentos oficiais. Pode assim usar-se o ano de 1255 como divisória. [...] Mas antes de 1255 existiu também uma diminuta produção primitiva portuguesa, constituída por documentos de carácter notarial escritos em português, cuja importância é excepcional para o estudo da primeira fase da história da língua: o *Testamento de Afonso II* (1214), a *Notícia de Torto* (ca. 1214) e dois documentos de Mogadouro recentemente descobertos (Castro 1991: 182-183).

Así pois, o testamento de Estevo Pérez, en tanto que peza documental producida no primeiro tercio do XIII adquiriría un valor histórico e lingüístico de primeira orde. Non embargante, o traballo de pesquisa sobre o orixinal revelou un aspecto fundamental que modificaba nun punto central o valor do escrito. A datación inicialmente proposta (1230), e por nós aceptada nun primeiro momento, era productu dunha mala lectura, como demostraremos máis adiante. Este feito levounos a modifica-lo título e os focos de interese da nosa comunicación tal e como a tiñamos primeiramente trazada e anunciada no resumo. Ora ben, coidamos que o relevo do achado xustifica de abondo o cambio producido.

NOTICIAS SOBRE O TEXTO

Seguindo unha orde cronolóxica, a primeira vez que se dá noticia da existencia desta escritura foi no ano 1629 en que se elaborou un catálogo manuscrito dos fondos do arquivo de Oseira co título *Repertorio para las escrituras antiguas del Archivo Bajo*. Na páxina 261 rexistrouse a seguinte ficha:

1230 (E. 1268) Esteban Pérez en su testamento se mandó enterrar en Santa María del Burgo y deja un aniversario para los clérigos de la iglesia sobre la viña de Codesas. C.73, L. 337, n° 99 (Portela / Garrido / Romani 1993: 442).

Posteriormente rexistrouno Leirós en 1951 no seu *Catálogo de los pergaminos monacales de la S. I. Catedral de Orense*, co nº 348 e a seguinte ficha:

Particular	Septiembre 1230
Testamento de Esteban Petri, que deja para aniversario a los clérigos de Sta. María la viña dos Codesaes, al abad la viña de Revordauns y una casa do Campo, etc. (Ribadavia).- T 494.	
8º kalendas octubre. Era 1268 (1298).	

Como se pode observar, en ningún dos dous traballos compilatorios citados se fixo referencia á lingua do documento, o que realmente o convertía nunha peza excepcional dentro do conxunto de instrumentos coetáneos, e se a isto lle engadimos que o primeiro dos catálogos, o *Repertorio* de 1629, permaneceu inédito ata data moi recente, non é estraño que pasase desapercibido entre os milleiros de documentos que dormen nos arquivos á espera da súa exhumación e que se tivese que agardar ata a súa publicación por Romani en 1989 para que se publicitase como o primeiro documento notarial en galego. Non obstante, obsérvase que xa Leirós dá a primeira indicación sobre o problemático da datación ó indicar entre parénteses unha data alternativa (era 1298).

Ata aquí as escasas noticias que puidemos recoller en torno á existencia deste instrumento. Pasamos agora a facer unha breve descrición do mesmo.

DESCRIPCIÓN DO MANUSCRITO

A peza documental que nos ocupa, procedente dos fondos do Mosteiro de Oseira, custodiase na actualidade no Arquivo da Catedral de Ourense (Monást. 348). Trátase dun escrito breve de 27 liñas trazadas sobre un pergameo que ten unhas dimensións de 100 x 170 mm.

O seu estado de conservación é bo e permite a súa lectura a través de medios reprográficos (fotografía ou microfilme). Unicamente unha mancha de humidade que ocupa unha zona irregular na parte esquerda entre as liñas 16 e 21 dificulta levemente o acceso ó seu contido.

A letra do texto parece de transición entre os ciclos carolino e gótico, que, como é sabido, en Galicia se produce durante o século XIII. O profesor Romani cualificaa de minúscula diplomática, seguindo, coidamos, a denominación establecida por Lucas. Este di ó respecto deste tipo de escritura que se trata dunha minúscula do ciclo carolino que ten un amplo eco nos documentos do XII na súa segunda metade e ó longo da primeira metade do XIII.

O *Testamento de Estevo Pérez* ten toda a aparencia dun apuntamento notarial, previo á redacción definitiva do documento. É doutrina comunmente aceptada que existen dúas fases textuais na redacción do documento notarial: a nota e a escritura propiamente dita,

ou, se se prefire, dous momentos de elaboración: o inicial e o final. Este momento inicial abrangue a declaración de vontade dispositiva, o seu outorgamento e a súa consignación nunha nota, rexistro ou matriz documental; é o momento material de recepción do contido ou materia da escrituración. O momento final é o da confección e expedición do documento definitivo con tódalas súas formalidades.

Desde un punto de vista diplomático, a nota debía reunir unha serie de condicións, despois reguladas coa lexislación de Afonso X, das que carece o noso documento. A ausencia da data tópica, de testemuñas, de noticia do redactor e outras, confirmanos na nosa visión deste texto como mera ementa ou apuntamento, que posiblemente un escriba redactaría en presenza do outorgante, e que inclúe unicamente a data cronolóxica e a parte dispositiva, é dicir, os datos que non podía fiar á memoria, para con eles elaborar con posterioridade o instrumento que lle daría validez ó acto testamentario. Estas suposicións veñen reafirmadas por determinadas irregularidades na redacción (ríspanse palabras ou letras, engádense na entreliña outras, etc.) que nos fan pensar, como fixo Cintra coa *Noticia de Torto*, no seu “carácter de apuntamentos tomados un pouco ao acaso das informacións que alguém ia dando verbalmente a um notário” (Cintra 1990: 24).

Finalmente, verbo do seu contido, estamos ante unha manda ou testamento na que Estevo Pérez dispón o seu lugar de enterramento e mailos destinatarios das súas propiedades e bens.

LECTURA CRÍTICA

A única edición que dispoñemos do texto, como xa foi dito, é a de Romaní (1989). Aínda que esencialmente correcta na súa transcripción, resulta insuficiente para quen se achegue a ela con intereses lingüísticos. Entre outras razóns, o feito de que non se sinalen os desenvolvementos das abreviaturas supón unha diferenza de criterio que recomenda facer unha nova lectura do texto con criterio filolóxico. As diverxencias que afectan directamente á lectura limitáanse ás seguintes:

Romaní (1989)	Tato (1996)	Liña ms.
x	<i>XL</i>	1
quosa	<i>Quocsa</i>	3
cui	<i>Tuj</i>	14
Guncalvu	<i>Goncaluu</i>	17
suus	<i>Seus</i>	18
Vimieirus	<i>Uimiecrus</i>	20

Respecto ós criterios que adopto na miña edición, son os habituais no tratamento deste tipo de documentos lingüísticos. Sinalo a división en liñas do orixinal por medio de barra (/); desenvolvo as abreviaturas indicando os caracteres restituídos en cursiva,

Era M^a CC^a LXL^a VIII^a *et* octo días ante *kalendas october*. / Ego Stéfano Petri fazu ista manda que seia stáuil por senpre: / in *prima quocsa* mandu a alma e o corpu a *Sancta María* do Burgu. E man/du ós cléricos de *Sancta María* por *anniversaria* a mina uina dos /⁵ Codesaes *pera* a mesa dos cléricos. A *Petro Domínget*, meu / abade, mandu a mina uina de *Reuordauns in donazún*, e mandu a mi/na casa do *Campu* que a uenda *pera* as minas díuidas. / E mandu a mina uina das Pías a ma quirmaa Marina / *Petri* e a seus irmanus. E mandu a *Guncaluu Iohanes* e a filus /¹⁰ de dona Scizilia a ma casa do *Campu* de *Fundu*. E mandu / a *Martjn Petri* todas mías uoontades de casa. E mandu / a *Guncaluu Iohanes* hu meu *quinún* da cortina de trala porta. / E mandu a mía uina das arras, que uaan por min / a *Sancta María* de Rocamador e a *Tuj* e a *Santi Yacobj*. /¹⁵ E mandu a mía uina de su a *eclesia* de *Francelu* e a do *Ri/geiru* a meu tiu *Martjn Petri*. E mándole a mía leira / da *Veronza*, unde me fat foro. E mando a *Goncaluu / Iohanes* e a seus *quirmauuns* hu foru que hec cun ilis, / e o qui me fat *Iohán Arias*, zapateiru. E mandu a meu /²⁰ tiu Stéfano Petri quantu ayu in *Uimiecrus*; e mán/dule mía uot da-
quela erdade que me *tein* os frades / de *Melón* forzada. E mando a mía erdade de / *Paradela* a mina ama *María Iohanes* e a súa fila / *María Iohanes* e a *Ocfêmea*. E mandu a mina uina /²⁵ de *Ual da Coua* a Stéfano Petri e a *Fernán Petri* e a *Arias Petri*. E mandu a *Fernán Roderiquit* quantu hei in / *Noalu*.

² En *Stéfano* o *t* vai entreliñado. ⁵ Repetiu *dos*. ⁶ *Mandu* vai entreliñado. ⁸ En *quirmaa* o último *a* vai entreliñado. ¹³ Escribiu *por* dúas veces e riscou a segunda. ¹⁷⁻²¹ Unha mancha de humidade dificulta a lectura ata a metade das liñas. ²¹ En *tein* riscou unha letra ó final da palabra, posiblemente un *m*. En *frades* o *s* vai na entreliña. ²² Repetiu *des* ó principio da liña e riscouno. ²³ En *Paradela* comezou a escribir *pa* e riscouno.

A DATA

Á diferenza da *Noticia de Torto*, da que Avelino de Jesus da Costa (1992: 209-212) tivo que deduci-la súa cronoloxía a partir de informacións históricas e contrastes paleográficos, o noso documento aparece felizmente datado na súa cabeceira como se pode ler na primeira liña:

Era M^a CC^a LXL^a VIII^a *et* octo días ante *kalendas october*

A indicación do ano faise en relación coa Era Hispánica, sistema de datación máis frecuente na documentación medieval da Península Ibérica que, como se sabe, consiste no cómputo dos anos a partir do 38 a. C. (716 da era romana). No reino de Castela e León non foi abolido este sistema ata o reinado de Juan I nas cortes de Segovia do ano 1383, mentres que en Portugal non se extinguiu ata unha disposición de João I de 1422.

Para sinalalo día do mes tamén se empregou o sistema máis habitual, o de calendación retrógrada, xa usada polos romanos. A súa redución á conta de días de mes que facemos na actualidade faise sumando dúas unidades ó número de días do mes anterior e restando desa suma a cifra da data, isto é, o numeral que acompaña á palabra kalendas.

Atendendo estas indicacións, e dado que non temos informacións históricas nin datos paleográficos ou lingüísticos que cuestionen esta antigüidade, podemos confirmala data de redacción do manuscrito como a correspondente ó 24 de setembro de 1260.

Datalo, como se fixo con anterioridade, en 1230 responde a un erro de transcripción que non por grave deixa de ser infrecuente. O numeral con valor de 40 pode aparecer abreviado co que os paleógrafos chaman comunmente “X aspado”; isto é, unha abreviación numeral equivalente a XL, en que o L queda reducido a un trazo cursivo que culmina o X na súa parte superior dereita. O erro de lectura é facilmente explicable se quen se achegou ó documento traballou sobre unha reprodución fotográfica, pois nela non é doado percibir ese pequeno trazo de tan transcendente valor cronolóxico. A lectura directa do orixinal non deixa lugar a dúbidas e nunha fotografía de detalle tamén se percibe con claridade a nova lectura que propomos.



Non se debe pensar que este numeral é unha rareza paleográfica. O fenómeno é ben coñecido e está ben estudado por diversos investigadores. Nun traballo recente Maria José Azevedo Santos (1994: 107) ó referirse ó X como numeral afirma:

uma das formas mais peculiares daquele numeral é o nexu cursivo que representa a subtracção $XL = 40$ (...) Parece remontar à época visigoda e o seu uso prolonga-se, pelo menos, até aos séculos XV-XVI, altura em que evoluiu para uma forma ainda mais cursiva (...). Aquele nexu cursivo é impropriamente chamado X aspado e as alternativas não são muito correctas: virgulado, dobrado (plicado). De salientar, porém, que este X com valor de 40 sempre foi, e ainda hoje é, de difícil leitura sendo, por vezes, transcrito, errada e gravemente, por dez. Desde muito cedo eruditos chamaram a atenção para o seu duplo valor numérico e, conseqüentemente, para a necessidade de o identificar e transcrever com correcção.

A profesora portuguesa cita en nota o memorialista José de Cristo que xa en 1623 escribía: “os libros do cartoreo, da escritura noua, que mandou trasladar o Cardeal D. Afonso, forão escritos por quem não sabia esta differença de conta, porque todas as letras que ualem quarenta poem por dez, e assi se ão de uer os originais...”.

Pero o caso é que o verdadeiro valor do X aspado tampouco non lles pasou inadvertido ós nosos paleógrafos antigos, e con eles á cabeza, o primeiro e tamén nisto pioneiro Frei Martín Sarmiento, quen dá testemuño da súa presenza en documentos galegos aínda do XIV (1775: 98). Non será este o único traballo en que o monxe bieito se ocupe

de cuestións paleográfico-diplomáticas: sirva de exemplo unha carta que lle dirixiu ó paleógrafo Terreros, publicado como *Estudio sobre la lengua gallega y paleografía española*¹ ou outra, de non doada localización, *Carta al general de la Congregación benedictina sobre la formación de una Colección diplomática*, manuscrito non editado do que se conserva un orixinal en Silos e unha copia na Biblioteca Nacional de Madrid².

Na correspondencia entre Leandro de Saralegui y Medina e Nicolás Fort (Martínez Salazar 1981: 269-70) respecto dos foros de Neda e a súa antigüidade, o primeiro, en misiva do 1901 exclamaba: “¿de cuantos errores no ha sido causa la ignorancia de cosas á veces tan sencillas como que, en la escritura española, la X espada (*sic*), con rayuela ó virgula á la derecha, es nexo de XL y equivale á 40 y la X sesgada por doble oblicua, en la misma dirección, es igual á 20!”.

Tamén Lucas advertía, hai xa medio século, da pervivencia desta abreviatura no período comprendido entre a metade do XIII e o XIV: “*Signo de 40.*— Para la representación de las fechas o cantidades, sigue empleándose la *X aspada*” (Lucas 1950: 74, 76).

Poderíamos seguir indicando referencias a este signo numeral, pois está presente en manuais clásicos (Floriano Cumbreño 1946, García Villada 1921, Millares Carlo 1983, etc.) ou recollido polos máis difundidos dicionarios de abreviaturas (Cappelli 1973: 419, Borges Nunes 1969: 118), mais é traballo ocioso. Só a ignorancia ou o desleixo explican que se sigan a producir erros de datación por este motivo cando foron tantos e de tan diversas épocas os que nolo advertiron.

A nova datación do documento tíralle a súa singularidade e somérxeo na marea documental romance que se produce na segunda metade do século XIII. Soamente novas investigacións nos arquivos traerán á luz documentación verdadeiramente primitiva que nos obrigue a balizar de novo o arranque da escrita documental en galego, posto que o Testamento de Estevo Pérez non representa ningún momento inaugural como pensabamos ó inicio da nosa pesquisa.

A LOCALIZACIÓN

Ó contrario do que acontecía coa cronolóxica, a ausencia de data tópica obríganos a establecer-lo suposto lugar de redacción con base nas informacións indirectas que nos proporciona o texto.

Xa Leirós no seu *Catálogo* o situaba en Ribadavia. Romaní, sen embargo, non o inclúe entre os documentos da súa colección vinculados ó núcleo de posesións do mos-

¹ Publicado por López de la Vega como “El sabio benedictino fray Martín Sarmiento”, en *Revista Contemporánea*, XIII (1878), pp. 312-319, logo por M. Murguía en *La Ilustración Gallega y Asturiana* II (1880) pp. 116, 124, 137, 168, 225, 236 e 248 e finalmente por Pensado (1974: 19-47); sobre a historia textual dos manuscritos, vid. Martínez Fernández (1997).

² Noticias que proporciona Millares (1983: vol. 1, 53-54)

teiro nesta localidade ourensá. Coidamos que a atribución de Leirós é correcta, aínda que esta poboación non apareza expresa. Baseámonos para facer esta localización nos topónimos recollidos no texto e que fan supoñer que se o local de redacción non se sitúa en Ribadavia mesmo debeu estar nos arredores (o Ribeiro, Melón ou o que se chamaba antigamente Terra de Nóvoa), pois como se pode comprobar a través da toponimia tódolos lugares nos remiten a esa rexión.

Unha vez excluídos Santa María de Rocamador, Tui e mais Santiago, citados como centros de veneración e que non teñen relevancia para este asunto, os restantes topónimos son os seguintes³:

O Campo

Citado como “casa do *Canpu*” (l. 7). Aínda que é un topónimo común en Galicia, puidémolo rexistrar noutros documentos medievais localizados en Ribadavia. Na actualidade hai un lugar do concello de Ribadavia que figura no mapa co nome de *Campo*.

“Iohannes Menendi de *Campo*” (1218, doc. 179 CDOseira).

“et vadit ad vicum quod vadit de *Campo* ad fornum Petri Martini Payan” (1234, doc. 384 CDOseira).

“illam casam de *Campo*” (1251, doc. 667 CDOseira).

“domnus Thomas de *Canpo* Iastrori” (1258, doc. 813 CDOseira).

“Fernandus Petri de *Campo*” (1271, doc. 1 CDRibadavia)

“Afonso Yanes morador eno *Canpo* de San Martiño, vesinno da dita villa [Ribadavia]” (1369, doc. 5 CDRibadavia).

“Maria do *Canpo* [...], Garçia do *Canpo* e Gonçaluo do *Canpo*” (1460, doc. 20 CDRibadavia).

Codesás

Citado no ms. como “uina dos *Codesaes*” (l. 4-5). Trátase dun lugar do veciño concello de Melón, próximo a Francelos e do que tamén puidemos rexistrar documentacións antigas. No índice toponímico da CDOseira figura como lugar do concello de Ribadavia, da parroquia de Santiago de Ribadavia, e dáse unha forma *Codesas* que non aparece nos documentos.

“nostram vineam que iacet in Francellos in loco qui dicitur *Codessaes*” (1257, doc. 780 CDOseira).

“nostram vineam que iacet in Francellos, in loco qui dicitur *Codessaes* [...] et incipit in rium de Brul et intestat in carrilem de *Codessaes*” (1257, doc. 785 CDOseira).

Francelos

Citado no ms. como “uina de su a eclesia de *Francelu*” (l. 15). Ten que se referir á igrexa de San Xes de Francelos, parroquia do concello de Ribadavia, que estaba antigamente e ata o XV baixo a advocación de Sta. María, e así aparece nun privilexio de

³ Incluímos ó final de cada parágrafo outras referencias medievais do topónimo respectivo.

Afonso VII do ano 1156 que doa ó cabido de Tui a igrexa de *Santa María de Francelis*. Sen embargo, a mudanza na advocación debeu ser antes do XV, pois en documento de 1213 fálase de tres igrexas en Ribadavia (“ecclesiis sancti Genesisii, sancte Marie et sancti Iohannis”, doc. 152 CDOseira). Polo demais, son moi numerosos os testemuños medievais deste topónimo.

“et inter terminos de *Francellos* usque in aqua de Arnogia” (986, doc. 84 TCelanova)

“Notitia vel inventarium de villas de Arnogia [...] quomodo dividentr cum villas de Zaporini et cum villas de *Francellos*” (s.d., doc. 91 TCelanova).

“Gundulfus confessu qui tunc prepositus in monasterio *Francellos*” (993, doc. 216 TCelanova).

“illam ueigam de *Francelos* que iacet contra Arnoiam” (1166, cit. por D. Yáñez Neira in *GEG*, s.u. Melón).

“mando ibi medietatem de VIII^{em} quiniones quod habeo in *Francellos*” (1202; doc. 103 CDOseira).

“vendo et concedo illam meam searam quam habeo in *Francelus*” (1221, doc. 212 CDOseira).

“per meam vineam de *Francelis*” (1227, doc. 289 CDOseira).

“facimus comutationes inter nos quarumdam hereditatum que iacent in *Francellos* et in Lagena de Nobula” (1243, doc. 516 CDOseira)

“damus conventui Ursarie III^{or} leyras in *Francellos*” (1243, doc. 516 CDOseira).

“recipio de vobis [...] vineam vestram in *Francellis*, que iacet super iter eundo per *Francellos* citra castanarium” (1245, doc. 551 CDOseira).

“nostram vineam que iacet in *Francellos* in loco qui dicitur Codessaes” (1257, doc. 780 e 785 CDOseira).

“tres leyras de vinna que jasem en *Françelos*, termio desa villa [villa de Ribadavia]” (1393, doc. 1963 CDOseira).

“Martin de *Françelos*” (1456, doc. 19 CDRibadavia).

Melón

É o nome dun concello limítrofe con Ribadavia. Cítase por mor dos frades do convento cisterciense asentado en *Melón* (l. 22) do que existe abundante documentación histórica⁴. Nos documentos de Oseira este mosteiro aparece citado alomenos en dezasete ocasións, desde 1218⁵.

Noallo

Citado como *Noalu* (l. 27). Trátase dun lugar da parroquia de Barral no actual concello de Castrelo de Miño, veciño do de Ribadavia.

⁴ Melón foi obxecto de varias teses (de doutoramento ou de licenciatura) que permanecen inéditas: Cambón Suárez 1957, Losada Meléndez 1992, Pérez Rodríguez 1987 e Soto Lamas 1992.

⁵ A forma usual nos textos latinos é *Melone*, e nos romances, *Melon*; véxanse os docs. 178, 218, 289, 598, 622, 709, 734, 781, 783, 845, 960, 1102, 1233, 1444, 1776 e 1803.

Paradela

Citado como “erdade de *Paradela*” (l. 23). Inclínámonos a pensar que, coma no caso anterior, se trata do lugar da parroquia de Barral, concello de Castrelo de Miño, e non de Santa María de Prado, no mesmo concello (como se indica por erro no índice toponímico da CDOseira, levado pola documentación medieval, pois debeu ser antigamente unha única freguesía). Tamén é un topónimo frecuente nesta colección documental:

“concedo quamdam hereditatem quam habeo in Prado, loco nominato Agro de *Paradela*” (1219, doc. 184 CDOseira)

“damus ad forum quantam hereditatem Arias Munit habuit in *Paradela*, quod pertinet ad casalem de Prado” (1240, doc. 465 CDOseira).

“in loco qui vocatur *Paradela*” (1240, doc. 477 CDOseira).

“Iohannes *Paradella* ts.” (1258, doc. 817 CDOseira, 1258, doc. 821 CDOseira).

“tres areas vinearum [...] quas ego habebam cum predicto monasterio et cum Maiore Melendi in *Paradella*, in felegresia sancte Marie de Prado” (1274, doc. 1060 CDOseira).

“Maria Pelagii de Prado, filia Pelagii Alffonssi de *Paradella* [...] vendo vobis meas vineas de *Paradella*” (1274, doc. 1062 CDOseira).

(E tamén nos docs. 1539, 1671, 1749, 1856, 1857, 1870, 1919, 2001).

As Pías

Citado como “uina das *Pías*” (l. 8). Se é un topónimo menor, non o demos localizado nin sabemos se estará vivo. Se é unha viña no lugar das *Pías*, referirase ó lugar chamado así no concello de Ramirás e do que hai testemuños medievais:

“casale de Tesauro quod vocatur *Pias*” (1246, doc. 48 CDRamirás)

“casal de *Pias*” (1272?, doc. 183, CDRamirás).

Porta

Citado como “cortina de trala *porta*” (l. 12). Aínda que non se trate dun topónimo propiamente dito, entendemos que nos sitúa no propio burgo de Ribadavia, antigamente cerrado por muralla. Os distintos testemuños que puidemos recoller, ben como indicacións de lugar na cidade, ben como apelidos locativos de habitantes do burgo, cremos que son significativos ó respecto.

“ita quod ego do vobis ipsam meam vineam de *Porta* de sumitate ville” (1218, doc. 179 CDOseira).

“Iohannes de *Porta* [...], Iohannes Iohannis de *Porta*, ts.” (1253, doc. 700 CDOseira).

“Iohannes Iohannis, zapatarius de *Porta* ts.” (1253, doc. 707 CDOseira).

“Iohannes Iohannis de *Porta*, ts.” (1257, doc. 781 CDOseira; 1257, doc. 785 CDOseira; 1257, doc. 793 CDOseira; 1258, doc. 813 CDOseira; 1258, doc. 821 CDOseira; 1260, doc. 869 CDOseira).

“vineam Iohannis Iohannis da *Porta* [...], vineam Iohannis Iohannis de *Porta*” (1257, doc. 785 CDOseira)

“Petrus Muniz de *Porta*, ts.” (1260, doc. 869 CDOseira).

Rebordaos

Citado como “uina de *Revordauns*” (l. 6). É unha entidade menor de poboación do concello de Carballeda de Avia. Non figura no nomenclátor, pero si no mapa 225-I do Instituto Geográfico Nacional. Tamén se recolle en textos desde o século XII.

“Ita quod vos datis nobis partem de ipsa vestra hereditate de *Revordanos* que iacet inter Burgum de Ripa de Avia ex una parte et de altera parte Bogaella [...] per stratam veterem qua itur a *Rabordanis* ad ecclesiam sancti Cristofori [...] da iam dictam villam de *Revordanos*” (1177, doc. 12 TCSantiago).

“datis ad tenendum mihi Petro Arie militi in vita mea hereditatem vestram de *Rebordanos* in Ripa Avie” (1199, doc. 101 TCSantiago).

“mando corpus meum sante Marie de Burgo et mando ibi meam portionem de vinea de *Robordanis*” (1222, doc. 220 CDOseira).

“Ad sanctum Michaellem de Carvalleda unum modium de vino eum habuerit in nostras vineas de *Rervordaos*” (1227, doc. 289 CDOseira).

“ipsa mea vinea de Plano de *Revordanos*” (1232, doc. 350 CDOseira).

“et quartam de una vinea cum Iohanne Petri Gibarro que iacet in *Rebordaos*” (1251, doc. 667 CDOseira).

Santa María do Burgo

Aparece citada como *Sancta María do Burgu* (l. 3, 4); é a igrexa na que o testamento desexa te-lo seu soterramento. Trátase dunha igrexa parroquial de Ribadavia que se coñece desde fins da Idade Media co nome de Santa María da Oliveira. Son moi numerosas as referencias a este lugar na documentación que puidemos consultar.

“Mido Gomecii, grangiaro *sancte Marie de Burgo* [...] in ipsam cortinam que iacet inter rivum et subratum *sancte Marie de Burgo*” (1210, doc. 132 CDOseira).

“domnus Petrus Garsie ts. tenente ecclesiam *sancte Marie de Burgo*” (1214, doc 158 CDOseira).

“Petro Garsie, grangiaro in *sancta Maria de Burgo*” (1218, doc. 181 CDOseira)

“mando corpus meum *sante Marie de Burgo* et mando ibi meam portionem de vinea de *Robordanis*” (1222, doc. 220 CDOseira).

“domno Petro Garsie grangiaro *sancte Marie de Burgo*” (1223, doc. 226 CDOseira; 1224, doc. 244 CDOseira, 1224, doc. 245 CDOseira, 1224, doc. 246 CDOseira)

“Petrus Garsie, grangiaro *sante Marie de Burgo*” (1223, doc. 231 CDOseira, 1234, doc. 383 CDOseira).

“Petrus Garsia, frater Ursarie et grangiaro *sancte Marie de Burgo*” (1227, doc. 292 CDOseira).

“Petro Garsie, frater Ursarie et habitari in *sancte Marie de Burgo*” (1228, doc. 302 CDOseira)

“Petro Garsie grangiaro grangie *sancte Marie de Burgo*” (1234, doc. 384 CDOseira).

“Michael Roderici, capellanus *sancte Marie de Burgo*, ts.” (1247, doc. 594 CDOseira).

“fratri Iohanni grangiaro *sancte Marie de Burgo*” (1249, doc. 618 CDOseira; 1253, doc. 707 CDOseira).

“frater Iohannes, grangiarius *sancte Marie de Burgo*” (1251, doc. 668 CDOseira; 1252, doc. 684 CDOseira).

“contencio fuit inter domnum fratrem Iohannem grangiarius *sancte Marie de Burgo* ex una parte” (1253, doc. 700 CDOseira).

“inter fratrem Iohannis grangiarium *sancte Marie de Burgo*” (1256, doc. 756 CDOseira).

“concedimus vobis fratri Bartholomeo, grangiaro *sancte Marie de Burgo*” (1257, doc. 780 CDOseira).

“frater Bartolomeus grangiarius *sancte Marie de Burgo*” (1257, doc. 781 CDOseira).

“frater Bartholomeus grangiarius *sancte Marie de Burgo*” (1257, doc. 788 CDOseira).

“frater Bartholomeus supradictus, grangiarius ecclesie *sancte Marie de Burgo Avye*” (1258, doc. 812 CDOseira).

“frater Bartholomeus grangiarius domus *sancte Marie de Burgo* et rerum Urssarie habencium in Ripa Avyie” (1258, doc. 813 CDOseira).

“conversi et grangiarius de domo *sancte Marie de Burgo*” (1276, doc. 1108 CDOseira).

A Veronza

Citado como “leira da *Veronza*” (l. 17). Trátase dun lugar da parroquia de San Miguel de Carballeda, concello de Carballeda de Avia. Tamén é o nome dun afluente do Avia, o mesmo que nos mapas tamén aparece como Carballeda (mapa 225-I do Instituto Geográfico Nacional). Tanto o regato coma a localidade contan con testemuños desde o XII, baixo a forma *Veroncia*.

“in Burgio [Rippe Avie vel Rippe Minei] erat ipsa leria contra arrogio *Veroncia*” (1170; doc. 49 CDOseira).

“Assigno in super vobis in Ripa Avie in vinea de inter *Veroncia* et Burgum VIII modios de vino” (1199, doc. 101 TCSantiago).

“vendimus tibi ipsa nostra vinea quam habemus in Ripa Avie in loco certo ubi vocitant *Veronza*” (1205, doc. 113 CDOseira).

“dedit nobis quatuor passos in latitudine et octo in longitudine de ipsa sua cortina de *Veronza*” (1210, doc. 132 CDOseira).

“mando ad sancta Maria de Ursaria ipsa mea vinea de Veiga da *Veronza*” (1214, doc. 158 CDOseira).

“habemus in plano de *Veronza*” (1219, doc. 188 CDOseira).

“vendo illam vineam quam vobiscum habeo in plano de *Veronza*” (1221, doc. 211 CDOseira).

“unam vineam que iacet in Veyga de *Veronza*” (1227, doc. 292 CDOseira).

“mando ad sancta Maria de Ursaria ipsa mea cortina de *Veronza* [...] et ipsa mea vinea de Plano de *Veronza*” (1232, doc. 350 CDOseira)

“totum meum quinionem de illa vinea de *Veronza*” (1239, doc. 446 CDOseira).

“unam vineam nostram in *Veronza* in loco quod vocatur Ficaria” (1239, doc. 457 CDOseira).

“unam vineam in Plano de *Veronza*, citra rivum” (1251, doc. 667 CDOseira).

“Item recipio de vobis cortinam de *Veronza*, qui iacet super zenas de Hospitale cum supradictas hereditates” (1251, doc. 667 CDOseira).

“Fernandus Petri de *Veronza* [...] ts.” (1262, doc. 893 CDOseira).

“duas nossas leyras que iazen en a *Veronça* [...] et da outra parte por lo rio da *Veronça*” (1340, doc. 1606 CDOseira).

“pola minna cortiña da *Ueronça*” (1361, doc. 4 CDRibadavia).

“damos afforo duas peças derdade con suas vinas que iasen en termino desta dita villa [Ribadavia] aa Ponte da *Veronça*” (1378, doc. 6 CDRibadavia).

“Afonso Peres, morador en Veronça, freygisia de san Migeel de Caruvalada” (1407, doc. 435 DocSCLodio).

“Conven a sauer que vos assi aforamos quatro leiras de erdad que jazen a Ponte *Beronza* [...] como parte eno dito rio de *Baronza*” (1483, doc. 25 CDRibadavia).

“mando ao dito monasterio para senpre a minna cortinna da *Beronza*” (1503, doc. 28 CDRibadavia).

Vimieiros

Aparece citado como “Uimiecrus” (l. 20). Non se localiza no nomenclátor, pero Risco (1926: 660) sitúa nunha parroquia de Ribadavia localizada entre os ríos Avia e Miño, San Paio de Ventosela, un lugar chamado *Vimieiros*, o lado dos da Quinza, Santa Cristina, San Paio, Ventosela, Valdepereira e Casa da Cuenga). No mapa 225-I do Instituto Geográfico Nacional figura unha entidade menor do concello de Ribadavia chamada *Os Vimbieiros*, aínda que a forma real debe ser *Os Vimieiros*, como recollía Risco e comentan Navaza e Palacio (1999: 771) no seu estudio sobre a toponimia de Ventosela.

Ó lado desta ducia de indicacións xeográficas que entendemos como ben localizadas, outros tres non puidemos identificalos con seguridade. Son os seguintes:

Campo de Fondo

Citado como “casa do *Canpu de Fundu*” (l. 10). Localizamos un documento de 1223, tamén vinculado ó núcleo de posesión de Ribadavia, no que se fala dun casal de Fondo, pero non podemos determinar con seguridade que esteamos ante a mesma entidade.

“do vobis quantum montem potueritis irrumpere de aliud casalem de *Fundo*” (1223, doc. 239 CDOseira).

Rigueiro ou Regueiro

Citado como “mandu a mía uina de su a *eclesia* de Francelu e a do *Rigeiru*” (l. 15-16). Malia o testemuño de dous documentos procedentes da documentación de Ribadavia que presentan a mesma forma (vid. infra), non podemos sinalar con claridade que se trate dun topónimo menor, pois cabería interpretalo como voz común. Non localizamos na actualidade ningunha entidade próxima con esta denominación, salvo que se trate do lugar do *Regueiro*, parroquia de Laias, en Cenlle, un antigo lugar en Lebosende, Leiro⁶, ou ben o *Casal do Regueiro*, en Vilameá de Ramirás, Ramirás. Sen embargo, o contex-

⁶ Atestado en 1482, nº 596, DocSCLodio: “aforamos [...] outra [leyra d’erdade de vina] ao *Rrigeiro*. Estas ditas nove leyras son coa a dita nosa igeia de Lebosende”.

to, ambiguo, podería indicar que se trata dun lugar moi próximo a Francelos, se non se trata doutra viña, a maiores da que está baixo a igrexa de Francelos.

“foi dada a dita autoridade a sobre a Fonte do *Rigueiro* felegresia do dito lugar de Uiade sendo o dito juez asentado en sua audiencia a uinte e seis dias do mes dabril ano do nacemento do Noso Señor Jesucrispto de mill e quatro centos e sesenta anos” (copia de 1677, doc. 10 CDRibadavia).


“he syto enna feligresia de San Miguell de Carvalleda en esta maneiyra tres leyras de vynna enno lugar que disen o Cochim commo parte por lo *Rigueiro* [...] Item en Cortegada huum loueo commo parte o dito loueo polas cortynnas et a hua das ditas quatro leiras polo *Rigueiro*” (1400, doc. 8 CDRibadavia).

Val da Cova

Citado como “uina de *Ual da Coua*” (l. 25). No concello de Castrelo, na parroquia de San Salvador de Vide, localízase o lugar de Cova, co que se podería establecer unha relación, pero non é seguro. Tampouco os outros dous testemuños que encontramos no séc. XIII nos garanten esta identificación. Finalmente, faremos consta-la existencia dun Val da Cova, pero demasiado distante, e de: un *Regato de Val das Covas* no concello de Toén, relativamente preto de Ribadavia

“in leyra que vocatur de *Cova*” (1275, doc. 1090 CDOseira).

“a mia erdade que eu ago en Vide, conven a saber, a mia vina de Puuieros e a mia vina da *Cova*” (1283, doc. 1164 CDOseira).



Localización dos topónimos citados na área de Ribadavia

Non foi posible encontrar ningunha referencia histórica relativa ós personaxes citados no documento. Respecto a Estevo Pérez, o testamentario, en carta de 1245 figura un *Stephano Petri* como meiriño de Ribadavia na lista de cargos públicos que segue á data (1245, doc. 560 CDOseira). Podería tratarse do mesmo personaxe, pero non hai certeza. Outros personaxes homónimos recollidos nos documentos (moitos, por tratarse de ítems onomásticos moi frecuentes)⁷ parecen descartables á hora de establecer unha correspondencia, ben por incorporaren un cognomento, ben pola distancia cronolóxica.

Respecto ó abade citado, Pedro Domínguez, non se debe tratar do rector do mosteiro de Oseira (que nesa altura era Fernandus, vid. CDOseira, p. 1353) nin do de Melón (aínda que hai un Petrus en 1244, vid. CDOseira, p. 1367). Cremos que se trata do abade de Santa María do Burgo. Isto é, cura desa parroquia. Respecto ó uso da voz *abade* para ‘párroco’ recollémo-las palabras de Francisco Ávila y La Cueva que pola súa elocuencia aforran maiores comentarios:

“Los Parrocos q^e administran las matrices y lleban todos ó parte de sus diezmos les titulan en este Obispado Abades, que es lo mismo Padres, cuyo dictado lo tienen p^r muy honroso, y no les gusta les llamen curas: y los q^e sirben los anejos ú otras Iglesias q^e aun q^e son matrices no perciben diezmos si no una dotacion q^e les está asignada, como tambien los Capellanes q^e tienen los Abades se dicen Curas: y esta costumbre y practica de llamar Abades á los Parrocos principales viene de tiempos

⁷ En carta de 1251 figura un **Stefanus Petri cabrita** como testemuña nunha carta de recepción de bens (doc. 667 CDOseira). En 1257 hai outra referencia ó mesmo personaxe, que xa morreu nesta data (doc. 77 DocSClodio).

En carta de 1252 figura un **Stephanum Petri**, “filio domni Petri Fernandi dicti Morni de Burgo Avie”, e outro **Stephanum Petri**, fillo de “Petrum Petri dictum dentem”, como participantes nunha concordia (doc. 689 CD-Oseira).

En carta de 1253 figura un “**Stephanus Petri** miles, dictus Ferrucus”. O documento pertence ó núcleo de posesións do mosteiro de Oseira en Santa Vaia da Aguada, entre os ríos Bubal e Fontao, no concello de Carballido, Lugo (doc. 704 CDOseira).

En 1269, **Steuao Pérez** “dito sordo de Ribadavia” é testemuña nunha venda asinada polo notario de Ribadavia (doc. 123 DocSClodio).

En carta de 1271 figura un “miles **Stephanus Petri** dictus Bouzado” como testemuña da colocación da primeira pedra da igrexa do convento de Santo Domingo de Ribadavia (CDRibadavia 63).

En 1271, **Stevao Perez** participa nunha venda ó abade de San Clodio; asina o notario de Ribadavia (doc. 128, DocSClodio).

En carta de 1274 figura un **Stefanus Petri** como testemuña dunha carta de venda (doc. 1056 CDOseira).

En 1275 **Steuoo Pedrez** é testemuña nunha carta de venda (doc. 157 DocSClodio).

En carta de 1275 hai un “**Estevao Perez** monge de san Cloyo” como testemuña; asina tamén como tal outro documento de 1282 (docs. 167, 195 DocSClodio).

En 1283, **Esteuoo Perez**, fillo de Pedro Esteueez, é testemuña dunha carta (doc. 1283 DocSClodio).

En 1286, **Esteuoo Perez de Villanoua** está presente na redacción dunha carta (doc. 212 DocSClodio).

En 1287, **Esteuoo Perez** participa con súa nai nunha venda (doc. 215 DocSClodio).

En 1287 **Esteuoo Perez de Mançoës** e súa muller Exemea Perez venden unha propiedade (doc. 226 DocSClodio).

En 1290 consta “don **Esteuoo Perez** arçidiaogo da ygleia de Tuy en terra de Miñor” (CDMaia 198).

En carta de 1306 figura entre as testemuñas “**Estevo Perez**, clerigo morador en Baroon” (San Fiz de Varón, O Carballiño, Ourense) (1306, doc. 1335 CDOseira).

bastante remotos, y no está fácil aberiguar quando empezó, ni de donde provino ó tuvo su Origen: en el siglo 13. ya la vemos introducida [...] en el postrimer día del mes de Noviembre de 1288. Martin Perez Castaño vecino de la villa de Ribadavia otorgó su testamento, y en el se contiene entre otras la siguiente cláusula, *Iten mando á Abade meu Johan Perez xx soldos, e mando á todos los outros clerigos de S^{ta} Maria (de la Oliveyra) de misas cincuenta soldos*” (Ávila y La Cueva 1995: 300-301).

FONTES

CDOseira = Romani Martínez, Miguel (1989): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de santa María de Oseira (Ourense) 1025-1310*. 2 vols. Santiago de Compostela: Tórculo.

CDRamirás = Lucas Álvarez, Manuel / P. P. Lucas Domínguez (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Public. de Caixa Galicia.

CDRibadavia = Enríquez Paradela, M. Carmen (1987): *Colección diplomática del monasterio y convento de santo Domingo de Ribadavia*. Anexo 8 do *Boletín Auriense*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.

DocSClodio = Lucas Álvarez, Manuel / P. P. Lucas Domínguez (1996): *El monasterio de san Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudios y documentos*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro.

TCelanova = Andrade Cernadas, José Miguel (1995): *O tombo de Celanova*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

TCSantiago = Mouriño Serantes, María (1967): *El tumbo C de la Catedral de Santiago. Parte II*. Tese de licenciatura (inérita). Univ. de Santiago de Compostela.

BIBLIOGRAFÍA

Ávila y La Cueva, Francisco ([1852]): *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. Tomo II, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1995. [Reproducción facsimilar da obra manuscrita].

Cambón Suárez, Segundo (1957): *El monasterio de Melón (ss. XII y XIII)*. Tese de doutoramento (inérita). Univ. de Santiago de Compostela.

Cappelli, Adriano (1973⁶): *Dizionario di abbreviature latine ed italiane usate nelle carte e codici specialmente del medio-evo riprodotte con oltre 14.000 segni incisi*. Milano: Editore Ulrico Hoepli.

Castro, Ivo (1991): *Curso de história da língua portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.

Cintra, Luís Filipe Lindley (1990): “Sobre o mais antigo texto não literário português: a *Notícia de Torto* (leitura crítica, data, lugar de redacção e comentário linguístico)”, *Boletim de Filologia* (Lisboa) 31 (1986-87), 21-77.

Costa, Avelino de Jesus da (1992): *Estudos de cronologia, diplomática, paleografia e histórico-linguístico*. Porto: Sociedade Portuguesa de Estudos Medievais.

Couceiro Freijomil, A. (1919): “El idioma gallego”, en F. Carreras y Candi (dir.): *Geografía General del Reino de Galicia*, Barcelona, vol. I, tomo I, 163-327.

- Ferro Couselo, Xesús (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia.
- Filgueira Valverde, J. (1982): “O galego escrito, entre o latín e o castelán, no medievo”, en R. Lorenzo / D. Kremer (eds.): *Tradicón, actualidade e futuro do galego. Actas do coloquio de Tréveris*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 127-130.
- Floriano Cumbreño, Antonio C. (1946) *Curso general de paleografía y paleografía y diplomática españolas (con un apéndice de diplomática pontificia)*. Oviedo: [s.n.], Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Oviedo.
- García Villada, Zacarías (1921²): *Metodología y crítica históricas*. Barcelona: Sucesores de Juan Gili. Repr. facs.: Barcelona: El Albir, 1977.
- Leirós Fernández, Eladio (1951): *Catálogo de los pergaminos monacales del Archivo de la S. I. Catedral de Orense*. Santiago de Compostela: Publicaciones de la Dirección General de Archivos y Bibliotecas.
- Losada Meléndez, M^a José (1992): *La colección diplomática del monasterio cisterciense de Melón (Pergaminos de la Catedral de Orense): siglo XIV*. Tese de licenciatura (inédita). Univ. de Santiago de Compostela.
- Lucas Álvarez, Manuel (1950): “Características paleográficas de la escritura gótica gallega. Escritores notariales compostelanos”, *CEG* 5, 53-86.
- Lucas Álvarez, Manuel (1991): “Paleografía gallega. Estado de la cuestión”, *Anuario de Estudios Medievales* 21, 419-470.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referêncía á situación do galego moderno)*, Coimbra: I.N.I.C.
- Martínez Fernández, Celso (1997): “La respuesta a Terreros en las lecciones de ‘Oviedo ms. 389’ y ‘Silos ms. 57’”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo: actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Universidade, 1997, tomo II, 175-191.
- Martínez Salazar, Andrés (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña: Casa de la Misericordia.
- Martínez Salazar, Andrés (1981): *Algunos temas gallegos*, vol. 2. A Coruña: Gráficas do Castro / Moret.
- Millares Carlo, Agustín (1983³): *Tratado de Paleografía Española*. 3 vols. Madrid: Espasa-Calpe.
- Monteagudo, Henrique (1994): “Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)”, en *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, 169-185.
- Navaza Blanco, Gonzalo / Antón Palacio Sánchez (1999): “Toponimia de Ventosela”, en *Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. I, 767-774.
- Nunes, Eduardo Borges (1969): *Album de paleografía portuguesa*. Lisboa: Instituto de Alta Cultura.
- Pensado, José Luis (ed.) (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia.
- Pérez Rodríguez, Francisco J. (1987): *El monasterio de santa María de Melón en el siglo XV: un análisis del dominio y de la evolución de sus rentas*. Tese de licenciatura (inédita). Univ. de Santiago de Compostela.
- Portela, M^a José / Margarita Garrido / Miguel Romani (1993): *Repertorio para las escrituras antiguas del Archivo Bajo. Catálogo del Archivo Monacal de Oseira en 1629*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- Risco, Vicente (1926): “Orense”, en F. Carreras y Candi (dir.): *Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona, tomo 2, vol. XI.

- Santos, Maria José Azevedo (1994): *Da visigótica á carolina. A escrita em Portugal de 882 a 1172*. [Lisboa]: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica.
- Sarmiento, Frei Martín (1775): *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*. Madrid. Reed. facs.: Lugo: Alvarellos, 1988.
- Soto Lamas, M. Teresa (1992): *La colección diplomática del monasterio cisterciense de Melón (Pergaminos de la Catedral de Orense): siglos XII-XIII*. Tese de licenciatura (inédita). Univ. de Santiago de Compostela.
- Sponer, Margot (1934): “Documentos antiguos de Galicia”, *Anuari de l’Oficina Romànica de Lingüística i Literatura* [Barcelona] 7, 113-192.

CABO

Coidamos que con este estudio conseguimos datar de maneira incontrovertible o testamento de Estevo Pérez: a anterior proposta, de 1230, non é sustentable; sen dúbida se trata dun texto de 1260. Dos primeiros en aparecer en galego, pero situado nesa segunda metade do século XIII na que se estende a produción de documentos romances. Perde, logo, o seu carácter de excepcionalidade, aínda que obviamente segue sendo un testemuño dos textos máis temperáns. Amais dunha edición crítica do texto, acompañado da súa descrición, incluímos un estudio sobre os topónimos e sobre os personaxes para contribuír a esclarecer outros aspectos da confección do documento.